

Un fragmento de *¡A Besta!*

Reproducimos a continuación un fragmento da novela *¡A Besta!*, a obra máis coñecida de Patricio Delgado Luaces. En grande medida, este é un romance autobiográfico, pois pódense sinalar moitas coincidencias entre o propio Xan de Masma e o protagonista da novela.

Contidos:

- DELGADO LUACES, Patricio: *¡A Besta!*, Vigo: Editorial Galaxia, 1993, p. 121-



CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Arquivo da Emigración Galega

CON RUMBO A CUBA

Pasaron seis meses, que todo pasa no mundo, e estamos en outubro de 1870.

Xan entrara en caixa en Lugo, e achándose presente o tinente coronel de cazadores de Mendigorría, aquel batallón que dispois iba a pornunciarse en Cartaxena; namorado da boa presenza do mozo, consegue levalo pra facelo, como o fixo, cabo de gastadores.

Adeprende a instrución de seguida, e daba xéneo velo marchar, teso coma un fuso, diante da escuadra, cun aire tan marcial que nin os veteranos de Napoleón.

Pro fixeron falla sarxentos, cabos e soldados pró exército de Cuba; tocáronlle ó batallón sesenta e oito, entre uns e outros; foron sorteados; meteu a mau no pote Xan e... sacou a de ir.

Era, pois, unha mañá do trinta de outubro, e un pouco desviado do castelo de San Antón balanceábase o vapor “Comillas”, vapor que pasado o tempo había de perderse. Soaba o pito do contraestre; subían e baixaban as cadeas do guinche recibindo carga, e polo outro costado iban atracando os lanchós que conducían os 647 endividuos de tropa que iban a embarcar pra Cuba.

Xan iba entre eles coa súa chaquetilla de cuartel; co pantalón colorado; co morral ás costas; coa gorra terciada sobre da orella, e embozado na manta, pois facía un frío do demos. ¡Estaba triste! ¡Pensaba nos seus!

O goberno que nos desgoverna desde Madrí pagáballe á Compañía Trasatlántica unha onza por cada soldado, por levalos a Cuba, e mal raio non me fenda, si a Compañía gastaba con eles cen reás, nos dazaoito días que polo rigular duraba o viaxe.

Figurádevos leutores amigos, un balde de caldo sin grasa, pro con moito pimentón, donde nadaban catro patacas, oito fabas e tres pedazos de touciño; e rídevos coa ocorrencia daquel soldado andaluz que se empezou a espir, e perguntándolle o cabo que porque facía aquilo, reprecou: para pescar aquela miajilla de touciño.

Pois ben, ó redor de cada balde poñíanse sete soldados cun pan nunha man e a culler na outra, paso atrás e paso adiante pra comer... ¡caldo!

Viño nin velo. O que quería botar un gotiño, tiña que ir á cantina e pagar unha peseta polo botella que contiña auga, alcol e pau de Campeche.

A cama tampouco lle costaba nada á compañía porque os probes soldados dormían coma cochos encima de cuberta. E si algún se descoidaba pola madrugada, ou si algún tiña febre, refrescábano cunha tina de auga os mariñeiros ó facer limpeza do buque.

Os oficiais en cambio, iban arrotando de cheos con aquela mesa de primeira, donde cada xantar é un festín.

O cabo Xan Luaces, que iste era o apelido de Antón e a pouco máis esquécemesme decírvolo pois o da Ponte era alcume, non comía nin bebía; non facía máis que gomitir

de mareado, e gomitou astra o primeiro leite que mamou, e as coradas detrás. Sin dar a pé nin a mau, tirado nun rincón, pasou catro días o mozo, e namentras roubáronlle un xamón e unha ducia de chourizos que dispois tivo que mercar a un mariñeiro curro que fora o que llos lampara.